

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 13 de novembro de 2009**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> Isaura Abelairas Rodríguez  
D. Francisco Xabier Alonso Pérez  
D. Xulio Calviño Rodríguez  
D. Santiago Domínguez Olveira  
D. Eudósio Álvarez Álvarez  
D. José Manuel Mariño Mendoza

**NON ASISTEN:**

D. Carlos López Font  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Xosé Méndez Piñeiro  
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

**Invitados:**

D<sup>a</sup> Raquel Díaz Vázquez  
D<sup>a</sup> María Jesús Lago Rey  
D. Xesús López Carreira

D<sup>a</sup> Laura López Atrio  
D. Angel Rivas González  
D<sup>a</sup> Iolanda Veloso Ríos

Na Casa do Concello de Vigo, ás tres horas e trinta e nove minutos do día trece de novembro de dous mil nove e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. González Carnero, titular da Asesoría Xurídica, Sr. González Yebra-Pimentel..

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(1605).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.**

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

**2(1606).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN PROVISIONAL DAS OBRAS DE URBANIZACIÓN DA RÚA GREGORIO FERNÁNDEZ. EXPTE. 59127/250.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación realizada o 10.11.09, conformada polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Adxudicar provisionalmente a empresa EIRIÑA, S.L., o procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Escultor Gregorio Fernández. (expediente 59127-250) por un prezo total de 1.002.119,31 euros IVE incluído e coas seguintes prestacións adicionais:

- Aporta melloras por un importe de 158.828,08 €.
- Aporta como persoal contratado en situación legal de desemprego, dentro do incremento de persoal sobre o mínimo esixido durante a execución da obra: 4 persoas
- Aporta como persoal a maiores sobre o mínimo esixido de maneira permanente en obra o número de 4 persoas. A relación dos postos incrementados é a seguinte:
  - 1 oficial de 2º.
  - 3 peóns.
- Incrementa a aportación ó control de calidade na porcentaxe do 2 % pasando do 2% fixado no prego de prescricións técnicas do contrato ó 4 %.
- Incrementa o prazo de garantía en 48 meses respecto do prazo de 12 meses fixado no prego de cláusulas administrativas particulares do contrato, co que o prazo total de garantía é de 60 meses.

Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 25-09-2009 e a oferta presentada.

2º.- No prazo dos 10 días hábiles seguintes a inserción no perfil do contratante do presente acordo, o adxudicatario provisional terá que presentar a seguinte documentación:

- A acreditativa de estar ó día no cumprimento das súas obrigas tributarias co Estado, coa Seguridade Social e coa Xunta de Galicia. (respecto das do concello de Vigo se obterá de oficio pola administración).
- Constituír a garantía definitiva por importe do 5 por cento do importe de adxudicación excluído o imposto sobre o valor engadido.
- Xustificante de ter aboado os anuncios de licitación, 559,84 euros.

- A relación do persoal mínimo que se vai a adscribir ó contrato, deberá ser nominal e indicando a categoría profesional. Así mesmo, indicárase si a procedencia do mesmo é da plantilla propia ou procedente do desemprego. Incluirase tamén o persoal ofertado a maiores sobre o mínimo esixido.

3º.-Esta proposta de adxudicación provisional se converterá en proposta de adxudicación definitiva sen necesidade dun novo acordo da mesa de contratación, se se presentan os documentos esixidos no apartado 2º da proposta.

4º.- Declarar que as ofertas económicas presentadas polas mercantís MOVEXVIAL,S.L., e HIDROMIÑO, S.L., non poden ser cumpridas como consecuencia de que presentan valores anormais o desproporcionados.

### **3(1607).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN PROVISIONAL DAS OBRAS DE URBANIZACIÓN DA RÚA MANUEL ÁLVAREZ. EXPTE. 59194/250.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación realizada o 11.11.09, conformada polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Adxudicar provisionalmente a Unión Temporal de empresas formada por HIDROMIÑO, S.L., e HIDOESTRUCTURAS, S.L. O procedemento aberto para a contratación das obras de urbanización da rúa Manuel Álvarez (expediente 59194-250) por un prezo total de 3.799.610,16 euros IVE incluído e coas seguintes prestacións adicionais:

- Aporta melloras por un importe de 834.162,74 euros IVE incluído
- Aporta como persoal contratado en situación legal de desemprego, dentro do incremento de persoal sobre o mínimo esixido durante a execución da obra: 5 persoas
- Aporta como persoal a maiores sobre o mínimo esixido de maneira permanente en obra o número de 5 persoas. A relación dos postos incrementados é a seguinte:
  - 1 oficial de 1ª.
  - 1 oficial de 2ª.
  - 3 peóns.
- Incrementa a aportación ó control de calidade na porcentaxe do 2 % pasando do 2% fixado no prego de prescricións técnicas do contrato ó 4 %.

- Incrementa o prazo de garantía en 48 meses respecto do prazo de 12 meses fixado no prego de cláusulas administrativas particulares do contrato, co que o prazo total de garantía é de 60 meses.

Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 25-09-2009 e a oferta presentada.

2º.- No prazo dos 10 días hábiles seguintes a inserción no perfil do contratante do presente acordo, o adxudicatario provisional terá que presentar a seguinte documentación:

- A acreditativa de estar ó día no cumprimento das súas obrigas tributarias co Estado, coa Seguridade Social e coa Xunta de Galicia. (respecto das do concello de Vigo se obterá de oficio pola administración).
- Constituír a garantía definitiva por importe do 5 por cento do importe de adxudicación excluído o imposto sobre o valor engadido.
- Xustificante de ter aboado os anuncios de licitación, 570,66 euros.
- A relación do persoal mínimo que se vai a adscribir ó contrato, deberá ser nominal e indicando a categoría profesional. Así mesmo, indicarse si a procedencia do mesmo é da plantilla propia ou procedente do desemprego. Incluirase tamén o persoal ofertado a maiores sobre o mínimo esixido.

3º.-Esta proposta de adxudicación provisional se converterá en proposta de adxudicación definitiva sen necesidade dun novo acordo da mesa de contratación, se se presentan os documentos esixidos no apartado 2º da proposta.

4º.- Declarar que as ofertas económicas presentadas polas mercantís MOVEXVIAL,S.L., COPCISA, S.A. E a U.T.E. Formada por ANTALSIS, S.L., CONTROL Y MONTAJES INDUSTRIALES CYMI, S.A. E PARAXE CONSTRUCCIONES, S.L., non poden ser cumpridas como consecuencia de que presentan valores anormais o desproporcionados.

**4(1608).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ASISTENCIA TÉCNICA Á DIRECCIÓN FACULTATIVA DAS OBRAS DE URBANIZACIÓN DA RÚA MANUEL ÁLVAREZ PARA O SEGUIMENTO E CONTROL DE DITAS OBRAS. EXPTE. 59603/250.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico, do 23.10.09, o informe de fiscalización do 9.11.09, e de acordo co informe-proposta do xefe Administrativo da Área de Servizos Xerais e Vías e Obras, do 23.09.09, conformado polo asesor xurídico e a concelleira delegada de dita Área, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aproba-la urxencia para a tramitación do expediente 59.603-250, de contratación da asistencia técnica á dirección facultativa das obras de urbanización da rúa Manuel Álvarez , dada a necesidade de cumprir o convenio aprobado entre o Concello de Vigo e a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes da Xunta de Galicia neste exercicio económico.

2º.- Aproba-los pregos de prescripcións técnicas e de condicións administrativas particulares elaborados pola Área de Servizos Xerais para á contratación por procedemento negociado con publicidade, sen límite de contratistas, da “ Asistencia técnica á dirección facultativa das obras de urbanización da rúa Manuel Álvarez ” polo período de duración das obras, cun presuposto máximo de 86.883,01 €

3º.- Autoriza-lo gasto para a contratación da “ Asistencia técnica á dirección facultativa das obras de urbanización da rúa Manuel Álvarez ” polo importe total e financiación anual que se indican a continuación:

Importe total con IVE: 86.883,01 €  
Prezo sin IVE =74.899,15 €  
IVE soportado pola administración = 11.983,86 €  
Partida orzamentaria 5110.611.0082  
Anualidade 2009 : 6.857,14 € ( IVE incluído)  
Anualidade 2010 : 38.076,29 € ( IVE incluído)  
Anualidade 2011: 41.949,58 € ( IVE incluído)

4º.- Abri-lo procedemento de negociación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás trece horas e corente e tres minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.